

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005  2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A Cova dos Mouros de Toba (Cee)



Días atrás o dixital [QuepasanaCosta](#) publicou na súa sección «[Recunchos da Costa](#)» un artigo sobre a **Cova dos Mouros**, ubicada na [parroquia de Toba](#), no [concello de Cee](#), que me fixo retornar ao terriorio da infancia, pois visitei este espazo en diferentes camiñadas polo monte d'O Son e con diferentes cans que tiveron neses anos (Cusqui, July, Trotski ou Trece, non lles puxen eu ningún dos nomes) ou na compañía de meu irmán máis novo, o escritor [Rafa Vilar](#),

e dalgúns amigos e viciños da nosa idade no lugar d'A Granxa onde estaba daquela a casa familiar da miña nai.

No texto, que se pode ler [nesta ligazón](#) e que reproduzo máis abaixo, descríbese moi ben a súa ubicación e cóntase a súa historia, con feitos que podo testemuñar, como cando se di «hai anos que os cativos da zona a usaban para cazar morcegos pola súa abundancia pero na actualidade está baldeira».

-Rememorando un espazo da infancia: a Cova dos Mouros, Toba-Cee (As Crebas: bitácora de miro villar en [blobaliza.org](#)) (... [seguir lendo](#))

[Información facilitada por Miro Villar. Abril de 2015]